

PROBA ACCESO XUÑO 2023

RESPOSTAS:

	A	B	C	D
1				X
2	X			
3				X
4			X	
5			X	
6				X
7	X			
8		X		
9	X			
10		X		
11				X
12		X		
13			X	
14			X	
15	X			
16		X		
17	X			
18			X	
19		X		
20				X

Marcia funebre sulla morte d'un Eroe

(Maestoso)

First system of the musical score. The right hand features a series of chords with fingerings 5, 4, 5, 3 indicated above. The left hand has a bass line with fingerings 3, 1, 2, 1. Dynamics include *p* (piano) and *cresc.* (crescendo).

1.

Second system of the musical score. The right hand continues with chords, marked *cresc.* and *sf* (sforzando). The left hand has a bass line. Dynamics include *cresc.*, *sf*, and *p* (piano).

Third system of the musical score. The right hand features chords with fingerings 5, 2, 5, 2 indicated above. The left hand has a bass line with fingerings 2, 5. Dynamics include *cresc.*, *p* (piano), and *pp* (pianissimo).

Fourth system of the musical score. The right hand features a melodic line with fingerings 5, 1, 4, 2, 5, 1, 4, 2, 4, 3 indicated above. The left hand has a bass line with fingerings 1, 2, 4, 5, 2, 5, 2, 4, 1. Dynamics include *sf* (sforzando), *ff* (fortissimo), and *p* (piano).

Fifth system of the musical score. The right hand features a series of chords. The left hand has a bass line with fingerings 18, 12 indicated below. Dynamics include *ff* (fortissimo), *(cresc.)* (crescendo), *trm* (trill), and *p* (piano).

26

cresc. *f* *ff*

31

p *cresc.* *f* *ff*

33

sf *sf* *p* *cresc.* *f* *ff*

40

p *cresc.* *f* *ff* *sf* *sf* *1.*

46

p *2.* *4.* *6.*

50

cresc. *p* *p* *p* *p*

55

cresc. *sf* *p*

59

cresc. *p* *pp*

63

sf *ff* *sf* *fp*

5.

68

cresc. *trm* *p* *cresc.*

73

f *ff* *p* *cresc.*

78

p *cresc.* *p* *sf* *decresc.* *pp*

*



PROBA DE ACCESO 2023 Especialidade: Interpretación.

Estudante:

Instrumento:

Responda ás seguintes preguntas sobre a análise da obra proposta.

As respostas deben recollerse na táboa da última páxina indicando cun X a letra correspondente á opción escollida, sen borróns nin marcas de ningún tipo nos outros cadros. Non se pode escribir a lapis.

As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as incorrectas restarán 0,1 puntos e as preguntas en branco non puntuarán. A tal efecto indicárase no cadro correspondente o número total de preguntas contestadas.

1. Cal é a forma de este movemento?
 - a) Sonata.
 - b) Scherzo.
 - c) Rondó.
 - d) Lied ternario.
2. A melodía do primeiro tema ten comezo:
 - a) Anacrúsico.
 - b) Acéfalo.
 - c) Tético.
 - d) Ningunha das anteriores.
3. En que tonalidade está o primeiro tema?
 - a) Mib menor.
 - b) Mib maior.
 - c) Lab maior.
 - d) Lab menor.
4. O grupo temático A, ademais de figurar no comezo da obra tamén aparece máis adiante. Dende o punto de vista da tonalidade, ¿cales son as diferencias entre a primeira e a segunda aparición do grupo temático A?
 - a) Na segunda aparición está na tonalidade do relativo.
 - b) Na segunda aparición cambia ao modo maior da mesma tonalidade.
 - c) Nas dúas aparicións están nas mesmas tonalidades e modalidades.
 - d) Ningunha das anteriores.
5. No segundo compás hai unha cadencia...
 - a) Plagal en Lab menor.
 - b) Auténtica imperfecta en Lab menor.
 - c) Semicadencia en Lab menor.
 - d) Cadencia rota en Lab menor.
6. Onde hai unha cadencia perfecta?
 - a) Entre os compases 7 e 8.
 - b) Entre os compases 15 e 16.
 - c) Entre os compases 20 e 21.
 - d) Todas as anteriores.
7. A modulación que acontece entre os compases 8 e 9 é:
 - a) Modulación por enharmonía.
 - b) Modulación cromática.
 - c) Modulación diatónica.
 - d) Modulación por cambio de modo
8. A textura entre o compás 31 e o 46 é:
 - a) Melodía acompañada.
 - b) Homofónica- acórdica.
 - c) Polifónica.
 - d) Fugada.

9. Que estrutura ten o primeiro acorde do compás 10?
 - a) Sétima de dominante.
 - b) Sétima de sensible.
 - c) Sétima diminuída.
 - d) Ningunha das anteriores.
10. En que tonalidade está o fragmento resaltado co número 1?
 - a) Re maior.
 - b) Si menor.
 - c) Si maior.
 - d) Ningunha das anteriores.
11. En que compás aparece unha 6/4 cadencial?
 - a) Compás 2.
 - b) Compás 4.
 - c) Compás 12.
 - d) Compás 15.
12. O grupo temático B ten un comezo:
 - a) Anacrúsico.
 - b) Tético.
 - c) Acéfalo.
 - d) Sincopado.
13. Que función ten o acorde do fragmento resaltado co número 2 ?
 - a) Tónica.
 - b) Subdominante.
 - c) Dominante da dominante.
 - d) Ningunha das anteriores.
14. Cal é a tonalidade no fragmento resaltado co número 3?
 - a) Lab menor.
 - b) Mib maior.
 - c) Lab maior.
 - d) Ningún dos anteriores.
15. Cal é a sucesión de funcións harmónicas fundamentais do fragmento resaltado co número 4:
 - a) VII7/VII – V – III – I .
 - b) 6A – V – III – I.
 - c) N – V – III – I.
 - d) Ningunha das anteriores.
16. O acorde do compás 27 é:
 - a) Unha sexta aumentada.
 - b) Un napolitano.
 - c) Unha novena dominante.
 - d) Unha sétima diminuída.
17. A transformación máis significativa dos compases 31 a 46 en relación aos compases anteriores e posteriores é:
 - a) Rítmica.
 - b) Agóxica.
 - c) Tímbrica.
 - d) Ningún dos anteriores.
18. A modulación que acontece no fragmento resaltado co número 5 é:
 - a) Enharmónica.
 - b) Cromática.
 - c) Diatónica.
 - d) Ningunha das anteriores.
19. Cal é a sucesión de acordes do fragmento resaltado co número 6?
 - a) IV7 – 6A – III.
 - b) II7 – V7 – I.
 - c) V7/VII – 6A – III.
 - d) N – V7 – I.
20. Na coda introduce o uso de:
 - a) Pedal.
 - b) Contradireccionalidade.
 - c) Modulación por cambio de modo.
 - d) Todas as anteriores.

RESPOSTAS:

	A	B	C	D
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				

Número de perguntas contestadas:

Sinatura do estudante: